



53 | MAIO 2022

**NUMAX
PRESENTA:**



Librería

**17 DE
MAIO**

Día das
Letras
Galegas
Florencio
Delgado
Gurriarán


10%
DESCONTO
en libros en galego



Obra poética

Florencio Delgado Gurriarán

XERAIS 19,95 €



Bebedeira

F. Delgado Gurriarán


GALAXIA 12,75 €



O soño do guieiro

F. Delgado Gurriarán

GALAXIA 15 €



Florencio Delgado Gurriarán Nosa Galicia é mais que toda a terra

Tania Pérez Pérez
e Xosé Ramón Campos

IR INDO 25 €



MARTES 10 | 20.30

Teresa Moure presenta *Linguística escreve-se com A* (Através editora) con **Ana Romani**



XOVES 12 DE MAIO | 20.30H

Rosendo Cid presenta *Poemario Geométrico* co editor **Gonzalo E. Veloso** (Straperlo eds.)



VENRES 13 | 20.30H

Fran Gayo presenta *La Navidad de los lobos* (Editorial Caballo de Troya) acompañado polo cineasta **Angel Santos Touza**.



MÉRCORES 25 | 19.30

Presentación de *Contra el diagnóstico* (Ediciones Rosamerón), con **Alejandra Boullón Gómez**. Psicóloga clínica, **José Berdullas Barreiro**. Psicólogo clínico do Sergas e **Marcos Obregón López**. Presidente da asociación Nikosia

Estamos na

**FEIRA DO
LIBRO DE
SANTIAGO**

**do 02 ao 08
de maio na Alameda**

Caseta número 02

De 11.30 a 14.00
e de 17.30 a 21.00



Cinéma

**Filme
do mes:**

RED ROCKET

ESTREA 13 MAI

Sean Baker, 128', VOSE, ING, +18

Con Simon Rex, Bree Elrod

Mikey Saber é unha estrela do porno pasada de moda que regresa de Los Angeles ao seu pequeno pobo de Texas despois de ter cuberto todas as posibilidades do fracaso. O director de *Tangerine* e *The Florida Project* ofrece un cru retrato dos sonhos e pesadelos da América profunda, cun estelar Simon Rex como gran protagonista.

🏆 Sección Oficial Cannes 2021

Estreas



 *El crepúsculo del mundo*,
Werner Herzog
BLACKIE BOOKS, 20,00€



ONODA, 10.000 NOITES NA XUNGLA ESTREA 6 MAI

Arthur Harari, 165', VOSG, XAP
Con Issei Ogata, Inowaki Kai


Finais de 1944. O mozo tenente Hiroo Onoda é enviado a unha illa filipina pouco antes de que aconteza o desembarco estadounidense. Levando canda si un fato de soldados, Onoda comeza unha misión delirante nas profundidades da xungla.

 **Mellor Guión e Premio do Xurado Sevilla 2021**

OUTSIDE NOISE ESTREA 6 MAI

Ted Fendt, 61', VOSE, ING
Con Daniela Zahlner, Mia Sellmann

De volta de Nova York, Daniela non está segura do que vai facer. Polas noites non pode durmir. Visita a súa amiga Mia, que está rematando un máster en Berlín. Xunto con Natascha, que está pensando en mudarse a Viena, pasean e falan.

 **Mención Especial do Xurado FIDMarsella 2021**

ELES TRANSPORTAN A MORTE ESTREA 13 MAI

**Helena Girón / Samuel M. Delgado,
75', VO, GAL / ESP, +7**
Con Nuria Lestegás, Sara Ferro

1492. Entre a tripulación de Cristóbal Colón viaxan tres homes que deberan estar mortos. Conseguiron evitar as súas condenas a morte participando nesa incerta viaxe, pero ao chegar ás Illas Canarias, foxen cargados cunha das velas da embarcación.

 **Mención Especial Zabaltegi-
Tabakalera Donostia 2021**

CINCO LOBITOS ESTREA 20 MAI

Alauda Ruiz de Azúa, 104', VO, ESP
Con Laia Costa, Susi Sánchez

Amaia acaba de ser nai e decátase de que non sabe moi ben como selo. Ao ausentarse a súa parella por traballo unhas semanas, decide volver á casa dos seus pais, nunha fermosa vila costeira de Euskadi.

 **Mellor Filme e Guión Málaga 2022**



O XASTRE DA MAFIA

ESTREA 27 MAI

Graham Moore, 106', VOSE, ING

Con Mark Rylance, Zoey Deutch

Leonard é un xastre que confeccionaba traxes na mundialmente famosa Savile Row de Londres. Despois dunha traxedia persoal remata en Chicago, traballando nunha pequena xastrería na que fai roupa elegante para as únicas persoas que poden pagala: unha familia de gánsters.

🏆 Sección Oficial Berlinale 2022



COSTA BRAVA, LÍBANO

ESTREA 27 MAI

Mounia Akl, 106', VOSE, ÁR

Con Nadine Labaki, Yumna Marwan

Os Badri foxen de Beirut para construír a súa utopía particular lonxe da polución e a conflictividade da grande urbe. Pero este oasis de resistencia ao capitalismo global vese ameazado polos avances dun vertedoiro próximo.

🏆 Premio Especial do Xurado Sevilla 2021

Pases Especiais



CURTAMETRAXES HELENA GIRÓN / SAMUEL M. DELGADO 14 MAI

Helena Girón e Samuel M. Delgado programan e presentan as curtametraxes que preceden a *Eles transportan a morte: Sin Dios ni Santa María* (2015), *Montañas ardientes que vomitan fuego* (2016), *Plus Ultra* (2017) e *Irmandade* (2019).

Petís Numax



MAMÁ MUU VOLVE A CASA

14-15 E 17 MAI

Christian Ryltenius, 63', ESP, VE, +3

O día en que unha cegoña viaxeira aparece na granxa, Mamá Muu preguntase que significa realmente a palabra fogar. Como pode estar segura que o prado e a granxa onde vive son realmente a súa casa?

Os ollos verdes



FOCO ALEJANDRA POMBO SU 2 MAI

52', GAL, VO

Alejandra Pombo Su presenta a curtametraxe *Mimic This*, gañadora do Premio NUMAX Exhibición no Festival Intersección da Coruña 2021. Xunto a esta peza a creadora galega presentará unha escolla dos seus traballos: *Space Jumps*, *Hold It* e *Face to Black*.



SLALOM 16 E 23 MAI

Charlène Favier, 92', FR, VOSE, +12

Con Noée Abita, Jérémie Rénier

Liz, de 15 anos, foi aceptada nunha das escolas de esquí máis prestixiosas de toda Francia. A moza compensa a súa falta de experiencia cunha rebeldía innata que chama a atención de Fred, un ex campión que decide acollela baixo o seu manto para adestrala de forma estrita.

🏆 Sección Oficial Cannes 2020



**OS OLLOS
VERDES**

Os filmes sinalados computan para o programa Os Ollos Verdes para estudantes universitarios.
[En colaboración coa USC]

Foco Abbas Kiarostami



📍 Presenta Iván Cuevas
(Cineclub de Compostela)



CURTAMETRAXES #01 10 MAI

Abbas Kiarostami, 78', FA, VOSE, 1972-1981

Encetamos o foco dedicado ao xenial cineasta iraniano Abbas Kiarostami con catro obras curtas que xiran arredor da infancia e a educación: *A hora do recreo* (1972), *Dúas solucións para un problema* (1975), *Solución num.1* (1978) e *Primeiro caso, segundo caso* (1981)

ONDE ESTÁ A CASA DO MEU AMIGO? 17 MAI

Abbas Kiarostami, 84', FA, VOSE, 1986

Con Babek Ahmad Poor, Ahmed Ahmed Poor

Mohamed non fixo os deberes e o profesor ameaza con expulsalo se repite a falta. Esa mesma tarde o pequeno colle por equivocación o caderno de Mohamed, cando se decata decide ir na súa busca para devolverllo.

🏆 Premio FIPRESCI e do Xurado
Ecuménico Locarno 1989

DEBERES 24 MAI

Abbas Kiarostami, 90', FA, VOSE, 1989

Neste documental Abbas Kiarostami interroga a un grupo de alumnos sobre os seus deberes escolares. As súas repostas amosan a cara máis sombría dos métodos educativos do país persa.

Nouvelle Vague. As orixes do movemento



UN XOGO PARA SEIS AMANTES 31 MAI

Jacques Doniol-Valcroze, 95', FR, VOSE

Con Bernadette Lafont, Françoise Brion

Tres parellas manteñen diferentes encontros románticos durante unha fin de semana nun magnífico castelo neobarroco. Como pano de fondo soa a canción de Serge Gainsbourg *L'eau à la bouche*.

Eles transportan a morte
Helena Giron / Samuel M. Delgado
ESTREA 13 DE MAIO


NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**

 Síguenos en @numaxcoop